

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------|------------------------|---------------|
| 15021482 | San Clemente | Santiago de Compostela | 2024/2025 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|-----------------------------|---------------------------|---|------------------------------------|-------------------|
| IFC | Informática e comunicacións | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de adultos |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0374 | Administración de sistemas operativos | 2024/2025 | 6 | 140 | 168 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|--------------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ TABOADA |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo atópase asociado ás Unidades de competencia:

UC0490_3 Xestionar servizos no sistema informático

UC0485_3 Instalar, configurar e administrar o software de base e de aplicación do sistema

A programación didáctica desenrólase seguindo as prescricións da Orde EDU/392/2010, do 20 de xaneiro (BOE 25 de febreiro de 2010), pola que se establece o currículo do ciclo formativo de Grado Superior correspondente ao título de Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede do decreto base do título (Real decreto 1629/2009, do 30 de outubro), e polo do decreto 177/2010, do 1 de outubro de 2010 (DOG 26 de outubro de 2010), que establece co currículo do ciclo para Galicia.

O desenrolo curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o IES San Clemente que cumpre as condicións establecidas pola LOE e os Reais Decretos que a desenrolan en canto a espazos, instalacións, alumado, etc.

O IES San Clemente atópase situado na cidade de Santiago de Compostela. No contorno do centro existen numerosas empresas de servizos informáticos que acollen á gran maioría do alumnado do ciclo para a Formación en Centros de Traballo e onde é previsible que poidan desenvolver a súa carreira profesional.

Se o contextualizamos para o entorno da cidade de Santiago de Compostela, no entorno do Centro encóntranse varias empresas de servizos informáticos que acollen ao alumnado do ciclo para a Formación en Centros de Traballo (FCT) e onde é previsible que poidan desenvolver a súa carreira profesional as persoas que residan cerca de Santiago de Compostela. Por tratarse dun ciclo na modalidade a distancia, parte do alumnado realizará a matrícula para a FCT noutros centros máis próximos ao seu lugar de residencia.

No centro impártense as ensinanzas de ciclos formativos de grado medio de: Sistemas Microinformáticos e Redes, ciclos formativos de grao superior: Administración de Sistemas Informáticos en Rede, Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma, Desenvolvemento de Aplicacións Web, e os cursos de especialización de Ciberseguridade, Intelixencia artificial e Big Data, e Desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual.

O módulo de Administración de Sistemas Operativos impártese no segundo curso do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede, e contén a formación necesaria para administración de servizos de directorio en redes heteroxéneas.

Nos itinerarios formativos publicados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para cursar os ciclo no réxime de persoas adultas que para o módulo de Administración de Sistemas Operativos (ASO) aconsellase ter cursado os módulos de Implantación de Sistemas Operativos (ISO) e Planificación e Administración de Redes (PAR).

Os obxectivos xerais e competencias do módulo poden consultarse no currículo do ciclo: <https://www.edu.xunta.gal/fp/curriculos>

Para a consecución destes obxectivos, desenvolveranse na aula virtual de <https://fpadistancia.edu.xunta.gal> as unidades didácticas do presente programa. O alumnado deberá contar con recursos propios para realizar os estudos a distancia: conexión a internet e un ordenador persoal, o que lle permitirá acceder a tódolos recursos formativos dispoñibles: manuais elaborados polo Ministerio de Educación, vídeo tutoriais, recursos complementarios elaborados polo profesor, etcétera.

Por impartirse na modalidade semipresencial e a distancia o alumnado é de toda Galicia, incluso de localidades próximas a outros centros que imparten as ensinanzas da familia profesional de Informática e comunicacións, e na súa maioría traballan e/ou teñen obrigas familiares.

Na presentación realizadas no foro do módulo, a lingua empregada maioritariamente polo alumnado é o castelán, aínda que a maioría realizaron estudos en Galicia e parece comprender o galego. Só algunha persoa con nacionalidade estranxeira e pouco tempo de residencia en Galicia manifesta ter problemas co idioma.

As persoas que rematen este ciclo formativo serán profesionais que exercerán a súa actividade na área de informática de entidades que dispoñan de sistemas para a xestión de datos e infraestrutura de redes (intranet, internet e/ou extranet).

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables, que poderán desempeñar estes profesionais, son os seguintes:

- Técnico/a en administración de sistemas.
- Responsable de informática.
- Técnico/a en servizos de internet.
- Técnico/a en servizos de mensaxaría electrónica.
- Persoal de apoio e soporte técnico.
- Técnico/a en teleasistencia.
- Técnico/a en administración de base de datos.
- Técnico/a de redes.
- Supervisor/ora de sistemas.
- Técnico/a en servizos de comunicacións.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|---|--------------------|----------|
| 1 | Administración de servizos directorio | Presentación do servizo de directorio e a súa administración para integrala nunha rede. | 30 | 20 |
| 2 | Administración dos procesos do sistema | Comprensión dos procesos do sistema e como adminístralos. | 24 | 12 |
| 3 | Información do sistema | Comandos e ferramentas para busca información, xestión de software instalado e planificación de tarefas do sistema. | 18 | 12 |
| 4 | Sistemas de acceso e administración remota | Comprensión da xestión remota do sistema operativo en rede. | 18 | 12 |
| 5 | Administración de servidores de impresión | Comprensión da importancia dos servidores de impresión e a súa integración en Intranets e Extranets. | 12 | 8 |
| 6 | Integración de sistemas operativos en rede libres e propietarios | Descrición de escenarios heteroxéneos integrando sistema libre e propietario. | 30 | 16 |
| 7 | Scripting en sistemas operativos | Aplicacións de linguaxe de guión es sistemas operativos libres e propietarios. | 36 | 20 |

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------------------------|----------|
| 1 | Administración de servizos directorio | 30 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Administra o servizo de directorio, interpreta especificacións e intégraon nunha rede. | SI |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Identifícanse a función, os elementos e as estruturas lóxicas do servizo de directorio. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.2 Determinouse e creouse o esquema do servizo de directorio. |
| CA1.3 Realizouse a instalación do servizo de directorio no servidor. |
| CA1.4 Realizouse a configuración e a personalización do servizo de directorio. |
| CA1.5 Integrouse o servizo de directorio con outros servizos. |
| CA1.6 Aplicáronse filtros de busca no servizo de directorio. |
| CA1.7 Utilizouse o servizo de directorio como mecanismo de acreditación centralizada dos usuarios nunha rede. |
| CA1.8 Realizouse a configuración do cliente para a súa integración no servizo de directorio. |
| CA1.9 Utilizáronse ferramentas gráficas e comandos para a administración do servizo de directorio. |
| CA1.10 Documentouse a estrutura e a implantación do servizo de directorio. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Servizo de directorio: definición, elementos e nomenclatura. LDAP. |
| Esquema do servizo de directorio. |
| Controladores de dominio. |
| Instalación, configuración e personalización do servizo de directorio. |
| Creación de dominios. |
| Obxectos que administra un dominio: usuarios, grupos, equipamentos, etc. |
| Ferramentas gráficas de administración do servizo de directorio. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 2 | Administración dos procesos do sistema | 24 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Administra e describe procesos do sistema, aplicando criterios de seguridade e eficiencia. | SI |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Descríbiuse o concepto de proceso do sistema, os tipos, os estados e o ciclo de vida. |
| CA2.2 Utilizáronse interrupcións e excepcións para describir os eventos internos do procesador. |
| CA2.3 Diferenciouse entre programa, proceso e fio. |
| CA2.4 Realizáronse tarefas de creación, manipulación e terminación de procesos. |
| CA2.5 Utilizouse o sistema de ficheiros como medio lóxico para o rexistro e a identificación dos procesos do sistema. |
| CA2.6 Utilizáronse ferramentas gráficas e comandos para o control e o seguimento dos procesos do sistema. |
| CA2.7 Comprobouse a secuencia de arranque do sistema, os procesos implicados e a relación entre eles. |
| CA2.8 Tomáronse medidas de seguridade ante a aparición de procesos non identificados. |
| CA2.9 Documentáronse os procesos habituais do sistema, a súa función e a relación entre eles. |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>Procesos: tipos, estados e estrutura.</p> <p>Fíos de execución.</p> <p>Transicións de estados.</p> <p>Prioridades.</p> <p>Procura de información do sistema.</p> <p>Sistema de ficheiros virtual.</p> <p>Xestión dos procesos do sistema. Liña de orde. Contorno gráfico.</p> <p>Secuencia de arranque do sistema. Demos.</p> |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------|----------|
| 3 | Información do sistema | 18 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Xestiona a automatización de tarefas do sistema, aplicando criterios de eficiencia e utilizando comandos e ferramentas gráficas. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Descríbense as vantaxes da automatización das tarefas repetitivas no sistema. |
| CA3.2 Utilizáronse os comandos do sistema para a planificación de tarefas. |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.3 Establecéronse restricións de seguridade. |
| CA3.4 Realizáronse planificacións de tarefas repetitivas ou puntuais relacionadas coa administración do sistema. |
| CA3.5 Automatizouse a administración de contas. |
| CA3.6 Instaláronse, configuráronse e utilizáronse ferramentas gráficas para a planificación de tarefas. |
| CA3.7 Documentáronse os procesos programados. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Comandos de planificación de tarefas. |
| Restricións de seguridade. |
| Administración de contas. |
| Ferramentas gráficas e de texto para a planificación de tarefas. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 4 | Sistemas de acceso e administración remota | 18 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Administra de xeito remoto o sistema operativo en rede aplicando criterios de seguridade. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.1 Descríbense métodos de acceso e administración remota de sistemas. |
| CA4.2 Diferenciouse entre os servizos orientados a sesión e os non orientados a sesión. |
| CA4.3 Utilizáronse ferramentas de administración remota subministradas polo propio sistema operativo. |
| CA4.4 Instaláronse servizos de acceso e administración remota. |
| CA4.5 Utilizáronse comandos e ferramentas gráficas para xestionar os servizos de acceso e administración remota. |
| CA4.6 Creáronse e configuráronse contas de usuario para o acceso remoto. |
| CA4.7 Realizáronse probas de acceso e administración remota entre sistemas heteroxéneos. |
| CA4.8 Utilizáronse mecanismos de encriptación da información transferida. |
| CA4.9 Documentáronse os procesos e os servizos do sistema administrados de xeito remoto. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>Terminais en modo texto.</p> <p>Escritorio remoto.</p> <p>Protocolos de acceso remoto e portos implicados.</p> <p>Servizos de acceso remoto do propio sistema operativo.</p> <p>Ferramentas gráficas para a administración remota.</p> <p>Administración remota encriptada.</p> |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 5 | Administración de servidores de impresión | 12 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA5 - Administra servidores de impresión, describe as súas funcións e intégraos nunha rede. | SI |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA5.1 Describiuse a funcionalidade dos sistemas e dos servidores de impresión. |
| CA5.2 Identifícaronse os portos e os protocolos utilizados. |
| CA5.3 Utilizáronse as ferramentas para a xestión de impresoras integradas no sistema operativo. |
| CA5.4 Compartíronse impresoras en rede entre sistemas operativos diferentes. |
| CA5.5 Instalouse e configurouse un servidor de impresión en contorno web. |
| CA5.6 Creáronse e clasificáronse impresoras lóxicas. |
| CA5.7 Creáronse usuarios e grupos de impresión. |
| CA5.8 Xestionáronse impresoras e colas de traballos mediante comandos e ferramentas gráficas. |
| CA5.9 Documentouse a configuración do servidor de impresión e das impresoras creadas. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Sistemas de impresión. |
| Portos e protocolos de impresión. |
| Impresoras en rede. |
| Servidores de impresión. |
| Usuarios e grupos de impresión |
| Ordes para a xestión de impresoras e traballos. |
| Ferramentas para a xestión de impresoras e traballos. |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 6 | Integración de sistemas operativos en rede libres e propietarios | 30 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA6 - Integra sistemas operativos libres e propietarios, con garantía da súa interoperabilidade. | SI |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA6.1 Identificouse a necesidade de compartir recursos en rede entre diferentes sistemas operativos. |
| CA6.2 Establecéronse niveis de seguridade para controlar o acceso do cliente aos recursos compartidos en rede. |
| CA6.3 Comprobouse a conectividade da rede nun escenario heteroxéneo. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA6.4 Describiuse a funcionalidade dos servizos que permitan compartir recursos en rede. |
| CA6.5 Instaláronse e configuráronse servizos para compartir recursos en rede. |
| CA6.6 Comprobouse o funcionamento dos servizos instalados. |
| CA6.7 Traballouse en grupo para acceder a sistemas de ficheiros e impresoras en rede desde equipamentos con diferentes sistemas operativos. |
| CA6.8 Documentouse a configuración dos servizos instalados. |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>Descrición de escenarios heteroxéneos.</p> <p>Instalación, configuración e uso de servizos de rede para compartir recursos.</p> <p>Configuración de recursos compartidos en rede.</p> <p>Uso de redes heteroxéneas.</p> <p>Seguridade de acceso por rede.</p> |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------------------|----------|
| 7 | Scripting en sistemas operativos | 36 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA7 - Utiliza linguaxes de guións en sistemas operativos para administrar os seus servizos. | SI |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA7.1 Utilizáronse e combináronse as estruturas da linguaxe para crear guións. |
| CA7.2 Utilizáronse ferramentas para depurar erros sintácticos e de execución. |
| CA7.3 Interpretáronse guións de configuración do sistema operativo. |
| CA7.4 Realizáronse cambios e adaptacións de guións do sistema. |
| CA7.5 Creáronse e probáronse guións de administración de servizos e de tarefas. |
| CA7.6 Implantáronse guións en sistemas libres e propietarios. |
| CA7.7 Consultáronse e utilizáronse librerías de funcións. |
| CA7.8 Documentáronse os guións creados. |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Estruturas básicas das linguaxes de guións. |
| Ferramentas para a creación e a depuración de guións. |
| Creación e depuración de guións. |
| Interpretación de guións do sistema. Adaptacións. |
| Uso de extensións de comandos para tarefas de administración. |
| Librerías de funcións. |
| Guións para a administración de contas de usuario, procesos e servizos do sistema operativo. |

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación farase por trimestres e será preciso aprobar as tres avaliacións para superar con éxito o módulo. En caso de non superar algunha das avaliacións trimestrais, esa persoa terá que concorrer coa parte correspondente ao exame final do mes de xuño.

a).- Exame teórico-práctico en cada trimestre:

* A nota do exame será entre 0 e 9, na primeira e terceira avaliación, e entre 0 e 8,5 na segunda avaliación.

* O exame constará de tantos apartados como unidades didácticas da avaliación, 2 na primeira e terceira avaliación e 3 na segunda..

* Os apartados puntuarán de forma proporcional ao peso das unidades didácticas e indicárase ao comezo do exame.

* Non se poderá deixar todas as preguntas dunha unidade didáctica en branco, deberá acadarse 1/3 da nota da unidade didáctica.

* Se se detecta que a/o alumna/o copiou o exame dun compañeiro/a, parcialmente ou totalmente, a puntuación será 0 puntos.

Os exames parciais serán presenciais, existirá un proceso de inscrición obrigatorio e organizaranse quendas no caso de ser necesario pola limitación de ordenadores na aula.

b).- Unha tarefa por cada unidade didáctica:

* Cada tarefa puntuarase na corrección entre 0 e 10.

* O valor das tarefas na avaliación trimestral será de 0,5 cada tarefa. A nota máxima das tarefas será de 1 punto na primeira e terceira avaliación, e 1,5 puntos na segunda avaliación.

* Caso de non entregarse no período de tempo establecido valorarase en 0 puntos.

* Se se detecta que o alumno copiou parcialmente ou totalmente a tarefa a puntuación será 0 puntos.

NOTA DE CADA AVALIACIÓN

Será a suma das notas do exame e das tarefas.

* É imprescindible ter no exame máis de 1/3 da nota en cada unha das dúas unidades didácticas para poder aprobar a avaliación.

* É imprescindible acadar un 5 sobre 10 na nota do trimestre sumando a nota do exame e das tarefas.

* A nota final da avaliación será un número enteiro entre 1 e 10 redondeando a suma da nota da proba escrita e das tarefas. As notas entre 4,5 e 4,99 redondearase a 4.

* No caso de non chegar á nota mínima no exame algunha das unidades didácticas a nota da avaliación non poderá ser maior de 4.

EXAME FINAL

* Realizarase unha proba final no mes de xuño á que acudirá o alumnado que non superou algunha das tres avaliacións.

* A proba dividirase en tres partes, unha por cada avaliación.

* En cada parte avaliaranse as unidades didácticas correspondentes.

* Non se entregaran de novo as tarefas e manterase a nota das tarefas entregadas ao longo do curso.

A proba final será presencial e existirá un proceso de inscrición voluntario para estimar o número de persoas que se presentarán.

NOTA FINAL DO CURSO

* Calcularase como a media das notas nas tres avaliacións con decimais (antes de redondealas).

* Será o valor enteiro entre 1 e 10 máis próximo á nota media.

* É imprescindible ter aprobado as tres avaliacións, no caso de ter unha avaliación suspensa a nota final non poderá ser maior de 4.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Despois da terceira avaliación, o alumnado que non superase algunha das avaliacións ao longo do curso realizará actividades de recuperación antes do comezo dos exames finais o 12 de xuño de 2024.

Estas actividades consistirán en repetir as tarefas con notas baixas ou que non foron entregadas durante o curso para a súa corrección. Durante este tempo realizarase polo menos unha titoría colectiva e seguirase a resolver dúbidas nos foros e durante as titorías individuais.

A realización destas tarefas é voluntaria e non influirá na nota do curso, están pensadas para que o alumnado coñeza mellor como debe realizar unhas actividades semellantes ás que atopará na parte práctica do exame final.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Por tratarse do réxime de persoas adultas na modalidade semipresencial e a distancia (no que a asistencia ás titorías non é obrigatoria) non se producirán perdas de dereito á avaliación continua.

Todo o alumnado terá dereito a realizar unha proba de avaliación final que se realizará no mes de xuño unha vez rematada a terceira avaliación. Será un exame ao que:

* Deberá acudir o alumnado que non superaron algunha das tres avaliacións.

* A proba dividirase en tres partes, unha por cada avaliación, e deberase superar as tres partes.

* En cada parte examínase dos contidos das unidades didácticas de cada avaliación.

* Non se puntuarán de novo as tarefas entregadas durante as actividades de recuperación e manterase a nota das tarefas entregadas ao longo do curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Durante o curso irase actualizando, revisando e modificando a programación, sobre todo nas actividades propostas e na duración das mesmas. Avaliarase a práctica docente tendo en conta a interacción co alumnado e os resultados que se obteñen. Na aplicación de programacións (<https://www.edu.xunta.gal/programacions>) deixarase indicado no apartado de seguimento o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións.

En reunión de departamento, cunha frecuencia mínima mensual, revisarase o cumprimento da programación e se corraxirá o que se estime oportuno: secuenciación/temporalización de actividades, substitución de actividades por outras, etc.

Teranse en conta especialmente os informes e observacións do titor do ciclo e da persoa responsable da coordinación dos estudos de informática a distancia. Tamén revisarase a coordinación co resto do equipo docente do grupo. Cara o curso académico seguinte, a programación reflectirá as correccións feitas froito do traballo anterior.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento para a realización da avaliación inicial será o que segue:

- * Preguntas no foro do curso ou de titoría para coñecer información das circunstancias persoais de cada alumna/o (formación previa, intereses, motivacións, recursos dispoñibles, experiencias previas, ...) e análise das respostas por parte do profesorado que integra o equipo docente do grupo.
 - * Estudo do expediente académico do alumnado para coñecer se cumpren coas recomendacións da Consellería nos itinerarios formativos.
 - * Información achegada polo departamento de Orientación das entrevistas realizadas ás persoas que participaron no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade.
 - * Realización dunha sesión de avaliación inicial (preceptiva) conxunta co equipo docente á luz da antedita información e calquera outra que xurda na reunión. No curso 2024/2025 esta reunión está prevista que se realice o 11 de outubro.
- Elaboración dun informe de orientación coa adopción de medidas especiais para o alumnado que se estime que o precisa para o correcto seguimento das actividades formativas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Coa denominación de necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) préstase especial atención ao alumnado estranxeiro, superdotado intelctualmente e con necesidades educativas especiais, ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores de análogos efectos.

Terase en conta que a lexislación vixente indica explicitamente que a metodoloxía (flexible, adaptada as circunstancias persoais e favorecedora da autoaprendizaxe) a utilizar (e polo tanto, enténdese por extensión que a programación didáctica) ha de ser acorde ás circunstancias persoais do alumnado que asiste ao réxime de adultos.

O departamento de Orientación detectará, identificará e valorará as necesidades educativas específicas, e deseñará e coordinará os plans de apoio para atender á diversidade do alumnado do centro.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Durante os exames, e naquelas titorías colectivas nas que o alumnado asista ao centro, terase en conta o fomento dos valores necesarios para unha boa convivencia, tales como:

- * Igualdade de xénero.
- * Educación medioambiental, aforro enerxético e reutilización de recursos.
- * Respecto polos recursos dispoñibles na aula.
- * Hixiene persoal e limpeza da aula.
- * Medidas de seguridade.
- * Puntualidade.

Durante o curso, nos foros de novas da titoría recordarase ao alumnado as conmemoracións e actividades que se organicen no IES San Clemente relacionadas con:

- * 20 de novembro: Día Universal da Infancia.
- * 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- * 20 de novembro e 8 de decembro: Conmemoración Estatuto de autonomía de Galicia e da Constitución.
- * 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- * 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- * 24 de xaneiro: Día Internacional da Educación.
- * 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- * 23 de febreiro: Día de Rosalía de Castro.
- * 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- * 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- * Semana da Prensa.
- * 7 de abril: Día Mundial da Saúde.
- * Semana do Libro.
- * 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- * 9 de maio: Día de Europa.
- * Semana das Letras Galegas.

* 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Tódalas actividades propostas polo Departamento de Orientación que vaian dirixidas ó alumnado dos ciclos de informática e todas as actividades propostas polo Departamento de Informática, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) ou o Obradoiro de Igualdade.

Hai que ter en conta que calquera actividade proposta non tería carácter obrigatorio dado que no réxime de distancia o alumnado maioritariamente traballa, ou ten outras obrigas, e reside fora da cidade de Compostela.